

“Pero, claro está, se no ámbito das nosas accións existe un fin que desexamos por el mesmo e os outros por causa deste (...) é evidente que ese fin será o ben e, incluso, o Supremo Ben. ¿Acaso, entón, o coñecemento deste ten unha gran importancia para a nosa vida e alcanzaremos mellor o que nos convén como arqueiros con un branco?

Se isto é así, haberá que intentar captar, polo menos mediante un bosquejo, cal é ese fin e a cal das ciencias ou facultades pertence. Parecería que pertence á máis importante e á directiva por excelencia, e é manifesto que esta é a Política, pois é ela quen ordena que ciencias ten que haber nas cidades e cales debe aprender cada un e ate onde.

(...) E como esta sérvese do resto das ciencias e incluso establece as normas sobre que se debe facer e de que cousas hai que absterse, o fin desta incluíría os das demais, de maneira que este sería o ben propio do home. Porque se é o mesmo para un individuo e para un Estado, mellor, dende logo, e máis perfecto parece ser o do Estado como para obtelo e conservalo: é desexable incluso para un só individuo, pero mellor e máis divino para un pobo e para os Estados. Pois, ben a nosa investigación apunta a isto e, en certo modo, atinxe á Política.”

(Aristóteles, Ética a Nicómaco. Lib. I, 2)

“Xa que todo coñecemento e elección tenden a un ben, expoñamos, para resumir, que é aquel ao que dicimos que tende a Política e cal é o mais elevado de todos os bens que se alcanzan mediante a acción. Pois ben, sobre o nome hai practicamente acordo por parte da maioría: tanto a xente como os homes cultivados danlle o nome de felicidade (eudaimonía) e consideran que ben vivir e benestar é idéntico a ser feliz. Pero sobre a felicidade – que cousa é – xa disputan e a xente non o explica da mesma maneira que os sabios. En efecto, uns a consideran unha das cousas visibles e manifestas, como o pracer, a riqueza ou o honor – e moitas veces unha mesma persoa a ten por cousas diferentes: a saúde, cando está enfermo, e a riqueza cando é pobre. Mais se son conscientes da súa propia ignorancia, admiran aos que dan unha explicación imponente e superior a eles: algúns pensaban que, ademais de todos isos bens, existe outro por si mesmo, que é causa de que todos eles sexan bens.”

(Aristóteles, Ética a Nicómaco. Lib. I, 4)

“Quizais sexa obvio que hai acordo en chamar á felicidade o Ben Supremo, pero persiste o desexo de que se explique máis claramente que cousa é. E claro, isto quizais sería posible se tomamos en consideración a función do home. Pois o mesmo que para un frautista e un escultor, e para calquera artesán – en xeral, para aqueles de quen hai unha función e unha actividade – parece que o ben e o correcto residen na función, así parecería tamén para o home, se é que hai unha función deste. ¿Ou que? ¿Acaso hai certas funcións e actividades do construtor e do curtidor e non hai ningunha do home, senón que é por natureza inactivo? ¿Ou o mesmo que existe manifestamente unha función do ollo, da man e do pe – e en xeral, de cada unha das partes – así tamén, ao lado de todas estas, podería supoñerse unha función propia do home? ¿E cal podería ser entón esta? Porque a vida é obviamente común coas plantas e se busca o específico: hai que descartar, entón, a vida nutritiva e do crecemento. A continuación seguiríalle a vida sensitiva, mais parece que tamén esta é común ao cabalo, ao boi e a todo animal. Queda, entón, a vida activa do elemento que posúe razón (lógos).”

“(…) Se a función do home é a actividade da alma conforme á razón, ou non sen a razón, e se dicimos que xenericamente é a mesma a acción de tal home e a de tal home competente (como por exemplo, a dun citarista e a dun citarista competente, e isto sucede sinxelamente, claro está en todos os casos), porque a superioridade debida á excelencia súmase adicionalmente a actividade – pois propio do citarista é tocar a cítara, máis tocala ben o é do bo... se isto é así, entón o ben humano é unha actividade da alma conforme á virtude (areté).”

(Aristóteles, Ética a Nicómaco. Lib. I, 7)

Cuestións textos:

1. Se os textos pertencen á Ética a Nicómaco, ¿por que motivo afirma o autor que as accións humanas a estudar nesta obra entran dentro do ámbito da Política? ¿Que ideas se desprenden dos textos respecto da relación entre ética e política en Aristóteles? ¿Que utilidade e importancia ten a política?
2. ¿Cal é o principal asunto que lle incumbe dilucidar á ética?
3. ¿Cal é a meta da vida humana, segundo Aristóteles? ¿Existe consenso entre as persoas á hora de decidir cal é o principal obxectivo a alcanzar na vida? Respecto a esta mesma cuestión, ¿en que momento xurde o desacordo entre as persoas?
4. ¿As funcións nutritiva, reprodutiva e locomotora son especificamente humanas? ¿En que consistiría a actividade propiamente humana? ¿Como alcanza o ser humano a felicidade? ¿Que papel xoga a virtude neste empeño por ser feliz? Explica a cuestión e dá conta do exemplo do citarista proposto por Aristóteles.
5. ¿En que termos formula o autor a súa noción de felicidade? ¿Serías capaz de explicar a conexión que garda co ser humano? ¿A felicidade vería a ser algo así como un “estar contento”?